

EXP. 248/2022

**CARLOS JAVIER FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIO-INTERVENTOR DO
CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 09.05.2022 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.1. Solicitude de subvención da Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras para a realización dun curso de resposta vital e uso de desfibrilador semiautomático (Exp. 248/2022)

Dáse conta da instancia presentada por Jesús Álvarez Álvarez, en nome e representación da Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras, con CIF G32030355, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para o financiamento dos gastos de celebración dun curso impartido pola Cruz Vermella de resposta vital e uso de desfibrilador semiautomático organizado pola dita asociación.

A entidade solicitante figura inscrita no rexistro municipal de asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía de data 07/08/2006. A persoa física que a representa figura no rexistro co cargo de presidente, como consecuencia da comunicación relativa ao cambio da Xunta Directiva desta asociación recibida no Concello (rexistro de entrada nº 1761, de data 04/08/2017).


A achega económica do Concello farase baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 22.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 5.b.3 da ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Toén.

O alcalde xustifica a concesión directa na interese pública e social que supón a colaboración do Concello co financiamento dun curso de soporte vital e uso de desfibrilador semiautomático dirixido aos veciños de Moreiras e Trelle. Explica que os veciños de Moreiras e Trelle veñen de adquirir dous desfibriladores para instalar en cada un dos núcleos, de forma que é fundamental que haxa veciños que os saiban manexar e así atender situacións de emerxencia nas que sexa necesaria a súa utilización porque unha persoa se atope mal e se lle poida salvar a vida. Considera o alcalde que o Concello ten que apoiar iniciativas das entidades asociativas do Concello como esta que presenta a Asociación de Veciños de Moreiras que contribúen á preservación da saúde da veciñanza e das persoas que acudan ó concello en actos públicos de todo tipo -festas, actividades deportivas, actos culturais, etc-. Ademais o Concello ten competencias en materia de protección civil conforme ó previsto no artigo 25.2.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 16/06/2020 (BOP nº 151, do 03/07/2020), ACORDA:

PRIMEIRO-. Concederlle á Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras, con CIF G32030355, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo

Concello de Toén



5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións deste concello polo importe de 535,00 €, pola interese pública e social da actividade subvencionada, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do orzamento. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados da organización dun curso de resposta vital e uso de desfibrilador semiautomático. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido no artigo 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no artigo 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén, a entidade beneficiaria deberá presentar a través do rexistro electrónico da sede electrónica municipal <https://concellodetoen.sedelectronica.es/info.0> antes do día 15.12.2022 a conta xustificativa asinada electronicamente que conterá a seguinte documentación (segundo os modelos que se remitirán xunto coa notificación deste acordo):

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- ✓ Facturas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.
- ✓ Declaración suscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.
- ✓ Acreditar atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarase unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e prace do alcalde.

(Documento asinado electronicamente na marxe)

